

*Anuncio de adjudicación de contrato*

1.- Entidade adjudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Viveiro.

b) Dependencia que tramita o expediente: Negociado de Urbanismo e Contratación.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: Servizo de comedor do Centro Ocupacional de Discapacitados Síquicos do Concello de Viveiro.

b) Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia e data de publicación do anuncio de licitación: Número 224 (27-09-04) e 191 (30-09-04).

3.- Tramitación, procedemento e forma de adjudicación

a) Tramitación: Urxente.

b) Procedemento: Aberto.

c) Forma: Concurso.

4.- Orzamento base de licitación.

Importe total: 38.313,00 euros.

5.- Adjudicación:

a) Data: 25 de outubro de 2004.

b) Contratista: TWITY.

c) Nacionalidade: Española.

d) Importe da adjudicación: 4,30 euros/menú e día, cun máximo de 38.313,00 euros.

e) Prazo de execución: Dende o 1 de novembro de 2004 ata o 31 de xullo de 2005.

Viveiro, 24 de febreiro de 2005.- O Alcalde, Melchor Roel Rivas.

R. 00957

XERMADE

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 23 de novembro de 2004, polo que se prestou conformidade ó Regulamento de parellas de feito, en cumprimento do vixente ordenamento xurídico local, publícase integramente o seu texto.

CONCELLO DE XERMADE

REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO

Artigo 1.- Obxecto e réximen xurídico.

Constitúese no Concello de Xermade o rexistro municipal de parellas de feito, que tera carácter administrativo e se rexirá polo disposto no presente regulamento, incluído-los seus anexos e demais disposicións que se poidan dictar para o seu desenvolvemento.

Artigo 2.- Ámbito.

No rexistro municipal de parellas de feito inscribiranse todas aquelas unións non matrimoniais de convivencia de parellas tanto de heterosexuais como de homosexuais, que polo seu libre e pleno consentimento constitúan unha unión de convivencia non matrimonial, manifesten a súa vontade de inscribirla no rexistro e os membros da cal teñan a súa residencia habitual e figuren empadroados no Concello de Xermade.

Artigo 3.- Requisitos das inscricións.

3.1. Serán requisitos para levar a cabo a inscrición:

a) Ser maior de idade ou menor emancipado e non ter sido declarado incapacitado.

b) Non estar ligado por vínculo matrimonial.

c) Non estar inscrito como membro doutra unión matrimonial non cancelada.

d) Te-la súa residencia habitual e figurar empadroado no Concello de Xermade.

e) Non ter relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en liña recta.

f) Non ter relación de parentesco colateral por consanguinidade ou adopción de ata o segundo grado.

3.2. As inscricións realizaranse previa sinatura da correspondente solicitude por parte dos dous membros da unión, segundo o modelo do anexo I deste regulamento, a cal se levará a cabo mediante comparecencia personal e conxunta perante o funcionario encargado do rexistro, e na que se efectuará a correspondente declaración responsable dos seguintes extremos:

a) Manifestación da existencia da unión de convivencia non matrimonial coa indicación do domicilio de empadroamento da mesma.

b) Non estar ligado con vínculo matrimonial.

c) Non estar inscrito como membro doutra unión non matrimonial non cancelada.

d) Non haber sido declarado incapacitado por resolución xudicial.

e) Non ter relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en liña recta.

f) Non ter relación de parentesco colateral por consanguinidade ou adopción de ata o segundo grado.

3.3 A solicitude de inscrición acompañarase a documentación acreditativa do cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Ser maior de idade ou acreditación de emancipación de conformidade co establecido no artigo 314 e ss. do Código Civil.

b) No seo caso, declaración xudicial de divorcio ou nulidade.

c) No seu caso, documentación xustificativa de viuvez.

d) Xustificante de empadroamento dos membros de unión non matrimonial (incorporarase de oficio).-

3.4 Soamente as inscricións que fagan referencia á extinción da unión non matrimonial por vontade unilateral se poderán efectuar a instancia dun so dos membros, previa audiencia do outro membro da unión, conforme establece o artigo 6.2 b do presente regulamento.

3.5 As inscricións que se practiquen e as certificacións que se expidan serán gratuitas.

Artigo 4.- Declaracións e actos inscribibles.

Serán obxecto de inscrición:

a) A declaración de constitución das unións de feito (realizadas segundo o modelo do anexo I), e a extincións das mesmas cando concorran algunhas das causas do artigo 6.

b) Os contratos civís reguladores das relacións persoais e patrimoniais así como outros feitos e circunstancias relevantes que afecten á unión extramatrimonial.

Artigo 5.- Efectos

A inscrición no rexistro de parellas de feito, terá efectos declarativos sobre a constitución, modificación e extinción das unións de feito, así como dos contratos reguladores das relación persoais e patrimoniais.

Artigo 6.- Da constitución e extinción

6.1 A data da constitución será a da súa manifestación e solicitude de inscrición, agás que a medio de escritura pública, acta de notoriedade, certificación de convivencia, inscrición no Rexistro Civil, cando exista descendencia ou calquer outro medio de proba admisible e suficiente, se acredite a formalización da convivencia e unión en data anterior.-

6.2 Serán causas xustificadas da extinción e cancelación das unións as seguintes:

- a) Mutuo acordo.
- b) Vontade unilateral dun dos membros da parella, previa audiencia do outro.
- c) Morte ou declaración de falecemento dalgún dos seos membros.
- d) Separación de feito de máis dun ano.
- e) Matrimonio dalgún dos membros.

Artigo 7.- Libro de Rexistro.

O rexistro materializarase nun libro-rexistro municipal de unións non matrimoniais que estará formado por follas numeradas e seladas, legalizado coa sinatura do Secretario Municipal, incluíndose nos asentos os seguintes extremos:

- a) Datos identificativos dos membros integrantes da unión.
- b) Domicilio de convivencia
- c) Data de constitución da convivencia.
- d) A transcripción en extracto dos contratos civís reguladores das relacións persoais e patrimoniais das parellas de feito.

- e) Calquera modificación posterior dos datos inscritos.
- f) Data e causas da extinción.
- g) Outros feitos ou circunstancias relevantes que afecten á unión non matrimonial.

Artigo 8.- Publicidade.

O libro-rexistro municipal de parellas de feito non ten carácter público, agás as certificacións que expida o Secretario Municipal a instancia exclusivamente de calquera dos membros da unión, ou xuíces e tribunais de Xustiza.

Artigo 9.- Órgano competente.

O Alcalde-Presidente será o órgano competente para resolver sobre calquera tipo de inscrición que se pretenda efectuar no rexistro así como para a regulación do acceso, rectificación e cancelación dos datos cando proceda.

As resolucións que se dicten relativas á inscrición, modificacións ou extinción, así como as de inscrición de actos complementarios, adoptaranse no prazo máximo dun mes, transcurrido o cal sen que se houbera dictado entenderase desestimada por silencio administrativo.-

Disposición derradeira.

Unha vez aprobado definitivamente polo Concello Pleno, o mesmo entrará en vigor ó día seguinte da publicación do seu texto completo no Boletín Oficial da Provincia, en unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local.-

#### ANEXO I

Solicitude de inscrición no rexistro municipal de parellas de feito.-

Don/Dona ..., de nacionalidade ..., nacido/a en ... o día ... de ..., de estado civil ... e profesión ..., nº de teléfono ..., e D.N.I. ou pasaporte ..., e

Don/dona ..., de nacionalidade ..., nacido/a, en ... o día ... de ... de estado civil ..., e profesión ..., nº de teléfono ..., e D.N.I. ou pasaporte ..., con domicilio común en ... C. Postal ... de Xermade (Lugo).

#### EXPOÑEN

Que conviven constituíndo unha UNIÓN DE FEITO dende (data) ... e reúnen os requisitos esixidos nas normas reguladoras de inscrición destas unións, contados no regulamento do rexistro de parellas de feito do Concello de Xermade, aprobado en ... (data).-

Que aportan declaracións xuradas e documentos administrativos sobre os extremos esixidos no devandito regulamento.

#### SOLICITAN

Que se proceda á inscrición da súa unión de feito no REXISTRO MUNICIPAL DE UNIÓN DE FEITO DO CONCELLO DE XERMADE.-

Xermade, 14 de febreiro de 2005.- O ALCALDE, Tomás Rodríguez Arias.

R. 00947